

QUIRAV: Quirófano Avanzado



Descrición

O proxecto QUIRAV prantexa o avance no desenvolvemento de sistemas para o desenvolvemento de quirófanos avanzados. O proxecto QUIRAV explorará novas formas de aplicar as TIC para integrar as diferentes tecnoloxías do quirófano, analizando os procesos e a información médica, desenvolvendo novos interfaces para a interacción co equipamento médico, e optimizando a coordinación entre o persoal médico e non médico.

Obxectivos

O obxectivo principal do proxecto é construír un sistema que poida axudar ao persoal médico na toma de decisións dentro do quirófano:

- Homoxeneizar e estruturar os datos e información xerados polos dispositivos de electromedicina, diagnóstico e control ambiental presentes no quirófano
- Permitir a análise da información xerada durante o desenvolvemento do proceso cirúrxico
- Proporcionar axuda e apoio a toma de decisións en tempo real
- Ofrecer ao persoal clínico acceso á información do quirófano de xeito rápido e de forma ergonómica, por medio de interfaces naturais.

Subproxecto con Bahía Software: Núcleo do Sistema Experto

O CiTIUS colabora con Bahía Software en tarefas de desenvolvemento dos sistemas de minería de datos para a análise da información xerada no quirófano e asesoramento no desenvolvemento de estratexias de planificación de recursos.

Subproxecto con Egatel: Concentrador de Sinais

O CiTIUS colabora con Egatel no desenvolvemento do concentrador que realizará a canalización e conversión dos datos procedentes dos aparatos do quirófano.

Subproxecto con Everis: Trazabilidade de eventos e procesos

O CiTIUS colabora con Everis no desenvolvemento de técnicas para o análise de escenas e a aplicación de solución que permitan inferir, automaticamente, os fluxos de traballo asociados aos procesos do quirófano.

Subproxecto con Plexus: Interfaces Naturais

O CITIUS colabora con Plexus na análise de novos modos de consultar e visualizar a información do quirófano por medio de interfaces naturais.

INVESTIGADORES

Subproxecto con Bahía Software: Núcleo do Sistema Experto

Investigadores Principais

Alberto Bugarín Diz
Manuel Mucientes Molina

Subproxecto con Egatel: Concentrador de Sinais

Investigador principal

David López Vilariño

Subproxecto con Everis: Trazabilidade de eventos e procesos

Investigadores Principais

Manuel Lama Penín
Manuel Mucientes Molina

Investigadores do CiTIUS

Víctor Manuel Brea Sánchez

Subproxecto con Plexus: Interfaces Naturais

Investigador principal

Julián Flores González

Investigadores do CiTIUS

José Manuel Cotos Yáñez
Roi Méndez Fernández

DETALLES

Data de execución:

01/04/2013 - 31/12/2014

Consortio

Bahía Software (*líder*)
Egatel
Everis
Plexus
Ammi Technologies
Fundación Ramón Domínguez
CiTIUS

Financiado por

FEDER-INNTERCONNECTA, Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI), ITC-20133071



PUBLICACIONES

Demo: Mask and Maskless Face Classification System to Detect Breach Protocols in the Operating Room
International Conference on Distributed Smart Cameras 2015, 2015

System for Medical Mask Detection in the Operating Room Through Facial Attributes
7th Iberian Conference on Pattern Recognition and Image Analysis, 2015

PROGRAMAS CIENTÍFICOS

e-Saúde

Visión Artificial